A Voz do Condado

VOCEIRO DA XUNTA DE VECIÑOS DO CONDADO

ANO II — ABRIL 1978 — N.º 4 — 4 Pesos

EDITORIAL

Con ledicia, facemos púbrica a nosa ademiración a todo o Pobo do Condado. E de suliñar que nos poucos n.os do noso voceiro nos familiarizaramos tan ben entre informados e informadores. Tamén nos chegan de fora das noass fronteiras voces de alento tan necesarias pra que iste voceiro siga coa sua laboura. Sabemos tamén de casos aillados que pretenden desacreditar a nosa información sobor das críticas, istes detrautores son agrasdecidos do caciquismo, e damoslle a nosa disculpa, recoñocendo que non queren ser ingratos cos seus benfeitores. Non falla que na sua boa fé, diga que non debeu ser tanto así. Temos a decir que soio unha parte pequena e a que estamos a púbricar, no caso que os caciques se mostran moi ameazantes, temos a decirlle que aumentaremos as páxinas pra que colla toda a sua hestória que lla sacaremos compreta.

Pra satisfaución da immensa maioria dos nosos paisans, e pra leución desa minoria de oligarcas caciques, temos a decir, que o noso voceiro a VOZ DO CONDADO, está marcando época na Hestoria de GALICIA, nas bibliotecas púbricas do pais van quedando arquivados correlativamente os numeros do noso voceiro. Historiadores e inteleutuales galegos levanos as suas bibliotecas particulares, considerandos de gran valor.

Cada un co seu apoio, e todos en total, estamos facendo unha loita popular que un dia non moi lonxano será recoñocida como obra social de gran importancia, dadas as nosas poderosas razóns e a nobre finalidade. Estamos facendo unha loita revolucionaria, ao enfrentarnos os caciques de toda ralea pra que non poidan seguir esnaquizando a nosa Terra. Isto irmans, e a verdadeira inteución das xentes traballadoras, sempre esmagadas polo Gran Capitalismo. Istes poderosos soio están pensando na especulación valendrose dos seus sucursalistas caciques que teñen entre nós. Por muivos que se rindam uns os outros, por moitas medallas que se concedan pra lucir nas procesións solennes inchando o peito, todos sabemos que debaixo laexa un corazón impasibel e inhuman.

Os grandes capitalistas son o donos da fábricas de armas, inventan guerras pra gañar diñeiro, corrompindo a humanidade.

Esas fortes sumas de diñeiro, miles de millóns, faios poderosos, compram de todo: dende a xuventude de ambos sexos pras suas perversions sexuales degradantes, hastra mercenarios e pistoleiros por contrata pra defendelos a eles e os seus grandes intereses. Cando chega o intre en que debemos e temos por obriga formar unha patria ceibe, culta e sociolóxica, simulan crebas e foxen co diñeiro pra Suiza, diñeiro que non é deles, é patrimonio de todos.

Demos o desprecio os poderosos e os seus caciques, todos eles teñen a mente apodrecida polos pecados do Capital. Coas suas baixas maniobras están levando o pais a ruiña roubando canto mais poden. Pra eles a derradeira pergunta.

«CANALLAS» ¿Donde está vuestra «Patria, Justicia y Pán»?

A Xunta de Galicia

> «Si este é o mundo que eu fixan, co demo me leva».
>
> CURROS ENRIQUEZ



Antonio Roson, Presidente da Xunta de Galicia: escupirlle na cara ao Nacionalismo Galego.

Cando no catro de xaneiro a xente saíu a rúa pra pedir a «autonomía», ainda non tiña nin tan siquera a máis pequena sospeita deque estaba a ser manexada pra erguer a mesa presidencial da Xunta ó home que máis sanguiñentamente perseguíu o nacionalismo galego.

As probas de que é eisí, chégannos a traveso dun documento devital importancia: un artigo pubricado na revista Interviu do 17-Santos-77, que non chegóu a salr a luz. Fálase de 48 millós pagados por un dos Rosones. Tamén se fala de outras maniobras, pra rematar cosecuestro da tirada completa do número por uns 120 policías armados.

Nós, imos a pubricalo íntegro sen lle quitar nin pór unha coma, — dempois Vdes. sacarán concrusiós:

«MATANZAS EN GALICIA: A SAGA DOS ROSON

Hai apelidos que veñen marcados pola Hestoria. E que nin tan siquera a súa permanencia dentro do proceso de democratización é suficiente pra que queden fora de catálogo. A longa e numerosa familia Rosón — un dos membros dela é hoxe Gobernador Civil de Madrí — non pode fuxir da súa conexión coa traxedia galega da guerra. Cando os anos — quitan o medo e fan voltar á serenidade testemuños, que, enxusticia, convén lembrar. Ista é unha hestoria de caciquismo que rematou con sangue, con demasiada sangue.

No ano de 36 xa traballaba Antonio Rosón como abogado defensor das propriedades do famoso cacique de Lugo José Benito Pardo, e da súa propia familia, os Rosón Pérez, sempre levado da man do seu tío Eduardo. O escomenzar o golpe de Estado do 18 de Xulio, a súa condición de Alférez de complemento, súas dotes de coñecedor de todalas falcatruas e mangoneos e a influencia da súa familia foron motivos máis que suficientes pra que se lle encomendasse a misión de «librar» o seu pobo e as comarcas de Becerreá, Cervantes, Frexís, etc. Dista adicación a guerra daba conta o xornal «El Progresso» na crónica do séu corresponsal o 25 de Xulio do mesmo ano, na que se podía leer: «... Fuerzas de Falange Española intraron en Becerreá, Nogales y San Martín de la Ribera. Estas fuerzas iban al mando del bizarro Antonio Rosón Pérez y la operación se desar-

Pasa a páxina 5

Alfonso Fernandez, o Chimpacornos

Iste elemento o longo dos anos foi facendo meritos pra ser coñocido tamen polo «Negro» e derradeiramente engadiuselle o de «Mata Bichos».

Paresce ser que o nome polo cal se lle coñoce mais é polo de «Chimpacornos».

Según todos os informes chegados a nosa redaición, o chimpacornos é pendenciero, e matón dende os seus primeiros anos, convertindose mais tarde en ASESIÑO E LADRON.

As suas matonadas terian de ser postas con mais detalle, pro a falla de espacio, unha vez mais, ponnos na obriga de facelo en sintesis.

O «Chimpa» dende moi novo foi aficionado ó uso das armas, escomenzamos: Tiña unha manopla de ferro coa cal llc deixou siñalada a cara a Manolo do Puexo. Cando estalou a guerra xa empezou a facer uso dunha pistola coa cal matou en Barcela o pai do Celestino do Bodegón, veciño de Arbo e coñocido polo «Pelos», polas mesmas fechas dirigiu o paseo de tres homes da Bisbarra, os cales foron asesiñados en Fontefria e ali o «CHIMPA» demostrou a sua repugnante valentia, cortadolle os membros reprodutores e metendollos na boca dos mortos; poida que ainda hoxe conserve a cebilla do cinto de un deles, porque era de ouro e o pouco tempo vironlla posta como quen levaba un trofeo de guerra.

Outro que ten boas señales del é Antonio o «Barqueiriño» que se non fora polo fillo de Rosa Chumba, que lle bota unha man xo tiña medio afogado no rio. Tamén o Alfonso irman de Xusto, que dempois de discutir con íl unhas cousas sin trascendencia, esperouno con outro nun camiño escuro e meteulle unha tunda que tivo de ser atendido polo medico e botou nove dias de cama.

Xa no exercito, asegún fontes de boa tinta, o Negro dedicouse a matar mouros a montons, ainda que eiquí non fixo carreira, porque o expulsaron, sendo Sarxento de regulares e isto foi por roubo ou seña «Malversación de Fondos».

Como se ve o «Chimpa» é un criminal nato, a derradeira vida

Pasa a páxlna 3

INFORMACION PARROQUIAL

Arantei

Os veciños de Arantei queremos facer a seguinte denuncia:

«Debido a necesidade de reparar a poza do BARRAL, solicitouse un donativo ou mellor dito unha subención pra levar a obra a cabo da HERMANDAD DE LABRADORES Y GANADEROS.

Isto fixose por medio do cabildo e efeutivamente deron 70 000 ptes aprousimadamente pra debandita obra.

E verdade que a obra realizouse pro non como estaba programa é gastaronse todo o mais sobor de unhas 18 000 pts. xa que a man de obra foi a prestación personal é a alguns que lle pormeteron pagar ainda hoxe están a esperar pra cobrar.

Que como se fixeron as cousas? pois moi sencillo:

Os adeministradores distes cartos foron o Perfeuto, secretario da Hermandade; o Faustino Barxiela, parente do Perfeuto e o Jacinto Queimadelos, os tres unidos entre sí forman unha boa camarilla.

O caso é que os veciños de Arantei queremos saber de unha vez por todas donde se meteron as 50 ou 60 000 pts que sobraron.

Areas

Os nenos do barrio de San Blas, teñen que ir a pé deica a carreteira xeral pra collelo autobús do colexio, aínda que a carreteira está asfaltada e o coche podería moi ben ir a recollelos, pra conseguir isto, foron varias veces os pais dos nenos a protestar a xunto do Sr. Ferro, director da Concentración de E.X.B. de Ponteareas, pois é ben sabido o risco dun acidente que corren os nenos o pé da carreteira xeral, ao mesmo tempo que algúns deles teñen que ir apé mais dun km., a todo isto a resposta do Sr. Ferro foi que o presuposto que tiña pros autobuses, non lle daba pra mais. Velahí un dos moitos problemas da irracionalidade das concentraciós escolares, cando non contam cuns presupostos necesarios i están mal planificadas. De passarlle algo aos menos, ¿quenes serán os responsables?.

Por outra parte, fai tempo que os veciños do barrio de San Blas falaron co alcalde pra facer un palco ao pé da capilla, cousa que Pepe Castro negouse rotundamente. ¿Hasta cando teremos que aturalo Sr. Castro?, dicen os veciños, pois ainda que as elecciós municipales estanas retrasando, os seus dias na alcaldia parece que están contados.

•●•

Fai pouco Alvaro (alcalde de Barrio), convocou alguns veciños da parroquia pra comunicarlles que por medio do Axuntamento ibase reclamar o monte de Pardiguel pra parróquia. Todos sabemos que Alvaro é un caciquiño ao servicio de Castro, que estivo buscando votos pra A.P. nas eleucións. E moi sospeitoso que por medio do Axuntamento pretendan devolverlle o citado monte os veciños. E moi probale que queiran facer unha manobra própria de caciques, que consistiria en devolver unicamente a parte do monte que o alcalde non ten vendido ou permutado; como por exemplo a estensión que lle permutou ao cura de Gulans. Por outra banda seria o proprio Axuntamento quen determinaria a parte do produto do monte que lle seria detraido aos veciños.

Os veciños sabemos que o monte de Pardiguel é noso, pero tamén é noso o monte da Lomba, é temos direito a reclamalo todo. A forma de facelo é constituir unha comisión de veciños (chega con tres) é solicitar a clasificación dos montes ao xurado provincial de montes. E pra isto non é obligatorio nin necesario que o alcalde se meta en nada. A comisión é suficiente pra rec'amar os montes. Así que atención a maniobra que traerá como resultado un engano os veciños de Areas.

Celeiros

Un veciño de Celeiros pasanos a seguinte nota:

«Os veciños de Celeiros levamos catro anos sendo enganados polo cacique António, mellor conocido polo António de Manuel, pedañeo desta parroquia, pois iste falcatrueiro soio se acorda de contatar co pobo cando hai algo que pedirlle, tal é o caso das ultimas eleucións pra pedañeo nas que andibo polas portas dos veciños pedindo os votos coma un can que pide un oso é ademais en todo o tempo que leva no carrego nunca fixo nin tratoú de facer nada pola parróquia, soio o que lle mandaba o seu xefe Pepito Castro que realmente non era o que pedia a parróquia.

O caso é o seguinte: Fixo catro anos, apresentouse na ponte da Serra o tal António

Pasa a páxina 4

Cabreira

Os veciños comunicannos que a pesares de que a «Asociación de veciños XERMEN» leva moi pouco tempo funcionando, xa conqueriu algo positivo pra parroquia.

Iste algo levouse a cabo o sabado dia 11 diste mes, ao conquerir do axuntamento uns camiós pro trasporte de material pra arreglo das pistas.

Estas pistas estaban nun estado desastroso, totalmente intransitabeles chegando a darse o caso de que o camión do leite, negouse a rrecollida por esta zoa, debido a que non podia pasar.

Dempois de todo un dia de traballo, con unha participación dos veciños satisfatoria, este problema quedou momentaneamente zanxado, pro iso si, os veciños temos craro que isto e simpremente un parche e esperamos a pronta pavimentación déstas pistas, xa que somos a úneca parróquia do Axuntamento que ainda non ten asfaltada nin unha soia.

Isto demonstranos que a Asociación é de vital importancia pra conquista de melloras pra parróquia, polo que canto mais forte e mais orgaizada esté os resultados faranse ver antes, isto e laboura de todolos veciños xa que as raices están botadas.

Hestoria d'un novo abuso

A apertura dunha pista parróquial, normalmente sempre trai problemas debido a testarudez de uns, caprichos doutros, malos entendidos etc.... pro o final todo queda arreglado, beneficiandonos todos dunha mellor via de comunicación.

Esta visión cambea bastante cando eisisten intreses encubertos, cando o que menos interesa é que os veciños poidan chegar as suas casas e leiras mellor ou pior, senón que o que verdadeiramente importa é facer un gran negocio, é percurar quedar como un benefactor. Estas son as aituacións dos caciques, sempre prestos a rapiña, sempre engañando a boa fé dos demais; isto é o que pasou na parróquia de CABREIRA aló polo ano 73 cando abriuse a pista da PEDRAGUDA. E tamén eiquí aparece ese noxento home D. JAIME de Salceda, eminente persoaxe diño de non faltar en ningunha cacicada.

Pois ben, iste «tipo», tiña un monte ao lado da pista, e aproveitando o paso désta fixo un gran negocio; vexan vostedes como aituou: foise ao Axuntamento de Salvaterra, rexido daquela por D. Carlos Estevez, e aito seguido fixeron un contrato de permuta firmado polo «Sr. Alcalde» e dous testigos no cal o Jaime cedia 6 areas 25 centiareas pra pista e o Alcalde, que non o Axuntamento, daballe 12 areas e media de monte comunal. Decimos non o Axuntamento porque este acordo nunca pasou ao pleno da corporación e polo tanto non foi aprobado por ésta, non atopandose ningunha aita sobor disto no Axuntamento.

Sobor de todo isto temos que decir e perguntarmos ¿Quen é o alcalde pra tomar unha decisión deste tipo, sin antes pasar polo pleno?, pois ben si fixo un contrato con un particular pola sua propia conta e resgo, que o fixera co que era seu e non co que era patrimonio do Axuntamento, e polo tanto si o seu amigo non quere o terreo que llo abone o Sr. Carlos, ou senon que o metan na cadea que é donde teñnen que estar os estafadores.

Porque si o problema era que se sentia molesto de que o Sr. Jaime perdera un trociño de terra e tiña que axudalo, temoslle que decir que unha veciña, por certo moi probe, quedou sin un monte compreto e non recibiu nada a cambeo, era acaso que esta señora non tiña os mesmos direitos Sr. D. Carlos?.

En segundo lugar xa vimos denantes cales foron os termos do contrato, pro he eiquí que o terreo que cedeu o Jaime non eran 6 areas ecuarto senon 2 areas escasas, e pola contra colleu no monte comunal 17 areas e non 12 e media relacioadas anteriormente; si señores, isto e a verdadeira realidade, e polo tanto o contrato está viciado na sua forma xa que os datos non son certos,

Pasa a páxina 4

Entienza

Os veciños de Entienza queremos demonstrar a mais enerxica repulsa polo seguinte:

«No lugar da Ponte do Seixo, atopaso o Matadeiro Municipal, onde se matan as vacas de todo o Municipio.

Ao chegar as pirmeiras olas de calor levantase un cheiro que hastra hai que tapar as narices e ainda eisi revolvelle o estómago ao que por alí passa; é certo é que isto é un camiño obrigatório pra xente que ten que ir de Entienza a Esfarrapada e viceversa.

Por si isto fora pouco atopanse alí unha chea de cans abandoados, que non sabemos quen os tira; istes cans alimentanse de tripas, osos e outras miudaxes que non sirven pra vender e triannos alí pra dentro onde apodrece e crean bechos; os cans dempois van polos barrios mais cercans deixando un fedor apestoso e levando unhas pestes das que os nosos fillos poidan sair perxudicados pois os cans movense por onde estes xogan, e incrusive coller enfermedades contaxiosas.

Polo lado de abaixo do Matadeiro atópase un lavadeiro público, onde van a lavar algunhas mulleres do barrio de S. Blas e de Salceda Centro.

Por varias veces as mulleres chamaron alí o Alcalde decindolle que elas non aguantaban o fedor e que a iauga saia con uns cheiros terribeles e que a roupa en ves de lavar-se, manchabase mais. O Sr. Alcalde non lles fixo caso ningún.

Sr. Alcalde esiximos a rapida reparación do Matadeiro posto que isto é obriga do Axuntamento.

Sr. Veterinario vostede sabe que si o matadeiro non cumpre os requisitos de saude necesarios non debe de estar funcionando.

A ambos os dous sirva de toque de atención posto que os veciños non estamos dispostos a esperar mais tempo.

Leirado

O pedaño un cacique profesional

José Rodriguez, mais conocido por Pepe das Adelinas, dende fai uns anos é pedaño de Leirado e cacique de profesión. Cando os da ferreteria quixeron facerse donos do valdio do Calvario, el opuose ferozmente, moitos pensaron que era por ben da parroquia, pro non, como tiñan a mán o Carlos, alcalde do Axuntamento naqueles intres, non lle deron nada a lamber o Pepe, é alporizouse.

O Pepe hai que reconocerlle certos méritos como cacique, sabe buscar xente pra facer trabalhos por prestación persoal, ainda que cobre il, sabe convencer cua sua conversa, mais pola geta que ten ca por razonamentos, pero, como cacique podeselle dar a categoria de sobresainte.

O Pepe ten sempre no seu maxín a lei do embudo, así as alcacias do turreiro de San Roque apareceron no seu coberto feitas tabions. Cando fixexeron a pista a Santa Cristina cortou pineiros do comun e non deu contas a ninguen. No comunal de Soutolobre vendeu nove piñeiros é no do Casco moitos mais sin que ninguen sepa que foi feito dos cartos. Pro arranxo da casa da Marcolina, cortou un bo eucalitro no Oural, pra casa da Marcolina foron as ponlas, as vigas foron proseu coberto. Cua chavola do Roque fixo outro negocio, 17 000 ptas que pagou o axuntamento, outras tantas que tiña Roque, tendo en conta que a man de obra foi de favor, dicen os veciños que a chavola deulle ganancia o pedaño como si fora un contratista, e pra iso non era canso de decir; estoulle facendo unha casa a Constante. Como se ve este cacique fai negocios a conta dos menesterosos é dos parvos. O Pepe toca todalas ramas do caciquismo, dende fai uns anos el é mais Tito Calvo — funcionario do Instituto de Previsión en Vigo-montaron un tinclado moi lucrativo. A cousa desenrolase da siguente maneira: compañeiros de taberna do Pepe — medios caciques aburguesados outeñen certificacions de inutiles que lle da o médico Dn. Enrique de Pontareas, quen cando non lle atopa doenzas ten a virtú de Inventalas, segun di el.

O cacique e mais o inutil viaxan a Vigo e Tito Calvo fai o resto, en canto o asunto é aprovado celebrase con moita alegria, a inutilidá desaparece en canto o intrefeuto deixa de cotizar é pasa a cobrar. O cacique Pepe é o seu compinche Tito Calvo ven aumentados os seus foros. O que teñen de bo, e que ademitem de todo: animales vivos e mortos, de pelo de lan ou de pluma, viño, aguardente, licores, asi o Pepe ten moitas patas de porco na sua casa. No axuntamento chegou a ter moita bara alta mormente co Carlos que é pouco mellor ca il, e de sempre codeouse moito cuas autoridades. tanto foi asi que tiña pretensions de concellal ainda que agora se lle poña o asunto moi negro. Unha das cousas que mais pulo lle deu, foi cando foi nomeado inxenieiro pra pista de Meder a Corzans, xornal de mais de 1 000 pesetas, mans no peto todo dia. Ali fixo campaña pras eleucións municipales decindolle a xente que gracias a il arranxabase a pista, e se queiran ver feita a que piden pola Carqueixa tiñan que votar polo Centro. Os amigos mandou deixarlle as entradas pros eidos ben axeitadas, no portal da Gavela, vella é cega, deixou a entrada feita un escalón, a Gavela non daba nada, como a Perdis de Leirado que por non dar informaba de xeito pra que non lhe desen nada de pensión pra un netiño inutil total, que xa feneceu. Agora os veciños de Corzans andan danados contra o cacique, o ver que a pista se esfarela os tres meses de arranxada, pois o asfalto levouo pra pista de Santa Crista donde il ten un solar que lle roubou os veciños da Lembreira dacordo co axuntamento. Como cando ven unha non ven soia, o cacique xuntalle todas. Fai pouco fixo as paces co Sabino polo asunto da Canteira da pedra branca, o Sabino que nunca lle soltara nada, pra ver de facelo calar arreoulle 12 000 pesetas pra que deixara encher o buraco da canteira de basura das industrias de Vigo que seria levada ali pola empresa Samper polo que todos saian ganando, non sendo os veciños que verian contaminados os pozos dos seus eidos e teriam que abandonar as vivendas polo fedor e outros perigros.

Despois de varias xuntanzas, os veciños rexeitano como pedaño e sumanlle as falcatruadas que fixo o longo dos anos, abriron unha franxa é prohibiron verter mais basura, pro unhas poucas toneladas que hai no fundo despiden un fedor que os fai lembrarse do cacique é todos coinciden en tirar con el no buraco. Dito buraco ten uns cen metros de fundura é unha boca de dous centos metros. A Voz do Condado pensa que é moito buraco pra un soio cacique.

SEVERO ROCHA

Pontareas

Gavilla nova

En Pontareas foi descoberta unha gavilla composta por unha vintena de xente nova, a maioria fillos de papá, alguns de papá bastante estupido ingreido é cacique. Lamentamos o camiño torto de estes individuos e disculpamolos porque é sin dubida o que lle enseñan alguns pais e homes relevantas da vila. As autoridades oficialmente nada se fixo pubrico. Temos entendido que mentras os poucos probes que pertencian a gavilla estaban detidos, os ricos — que eran maioria — estaban soltos é desimulados. Pois algun pai quixo dar a entender que o seu vastago estaba metido en politica. Pra algun destes caciquiños, aquela xuventú con inquedanzas comparabanos os delicuentes, pro non, non xuntemos as cousas, os mozos que participan na Voz do Condado, que axudaron a imposición contra o Plán de Ordenación, que pegaron papeles é fixeron pintadas, non teñen nada que ver cua gavilla, nin tampouco co chantaxe que lle pretendian facer a un industrial conocido polo Cubano. Non, cada un no lugar que lle corresponde. Os que teñen inquedanzas por millorar un sistema social podense denominar seres pensantes, os outros que os xurge cada un como queira. Nos pola nosa parte, reconcemos que son resultado de unha sociedá boba é traumatizados polo sistema. De feito hai que reconocer que o furto de uns coellos é perdices, é moito mais leve que o roubo de grandes extensions de monte donde se poden criar centos de coellos, perdices e cabezas de gando. Que a apropiación dun automovel pra usalo un pouco, non debe ser tanto delito como apropiarse do que é do pobo pra mercar coches por pares colocandolle banderíns e usalos pra todo é pra sempre. Que o coller unhas cochinas pesetas de propiedá axena, é unha miseria comparado con levarlle millóns o pobo sin que sea castigado, pois pola contra reciben homenaxes é honras dos seus xerifaltes e compinches. Rapaces, o camiño é malo, o voso io dos vosos ademirados poderosos. Autoridades, vai sendo hora de castigar as faltas é delitos sin ter en conta quen os comete. ENTENDIDO:

O cacique Castro non cede

Cua data 23 de Febreiro pasado, o cacique Castro — o alcalde — mandou esparesir unhas outavillas polas ruas da Vila anunciando a concesión do Instituto Unificado Polivalente pra Pontareas. Iste gran cacique con un cinismo descarado é persistente, quer facer ver que é obra del. Reconocendo que é hora que o ensino mellore por obriga, por lei é necesidade, non hai nada que agradecerlle a ninguen, menos a Castro é a sua camarilla que se non huberan chupado tanto podia estar bastante millorado o sistema de enseñanza.

O papeliño co seu nome en letras grandes é sin dubida facendo propaganda pra si mesmo. Como veran vostedes, non avisou asi cando fixeron os planos pro montaxe das industrias contaminantes entre elas unha Celulosa, nin cando o roubo do monte Carreira e outros moitos, nin das veces que foi sobornado, nin dos abusos na construción, nin o negocio da maquinaria da mancomunidá, nin o ticlado lucrativo que montou na Freixa. Non, os roubos fainos caladiñamente, soio se entera el e a sua camarilla.

Depois de engañar o pobo, agora pretende demonstrar a sua valia con un papeliño artimañoso. Veciños, coidado con este MATREIRO.

Alfonso Fernandez, o chimpacornos

Da páxina 1

que segou — que se sepa — foi a de un rapaz que se chamaba «O Bicho»; Iste «Rapazolo» era con-dono dunha pesqueira co «Chimpa». A cousa escomezou por que o Alfonso roubaballe as lampreas e cando o Bicho iba a levantar a rede nunca atopaba nada, mentrastanto o dia que o Chimpa levantaba a rede sempre collia algunha lamprea; craro o rapaz a pesar de ser un pouco apocado isto escamaballe e así unha noite dixo no bar que iba facer de teniente «Colombo», marchou pra beira do rio e puxose a espreitar. O Bicho non apareseeu nin o dia seguinte nin nos outros oito seguintes, apareseeu o decimo dia morto en Portugal, afogado no rio.

Sobor deste crimen, a Guardia Civil de Arbo non sacou nada en limpo a pesares de que o «Chimpacornos» trabucose nas suas declaracions decindo que o dia de «autos» non habia ido ao rio, é mais, que non habia saido da sua casa, e a realidade e que sobran testemuños que o viran no rio e o coche aparcado no sitio de costume. O pobo ben sabe quen matou ó « Bicho» pois pra iso xa inventaron unha copla que di:

«O BICHO» matouno
un produto «Negro»
que hai no Sindicato.

O crimen axudoú a tapalo U.C.D. en Pontevedra, posto que o «Chimpa» é o apoderado de Perez Puga en Arbo, e ademais por esas fechas fixolle unhas visitas moi sospeitosas. Como axuda o que fixo Perez Puga tamen interviu moito o dono da pensión Felisa, iste é teniente da guardia civil retirado e curman do «Chimpa», ten moi moas relacions na caixa de reclutas, pois todos os anos facendo istes «favores» conquire que se lle traballen as fincas e as viñas sin soltar unha cadela. Il mesmo persume en voz alta e dí: «Mis recomendaciones tienen mas fuerza que las del Obispo de Orense».

O CHIMPACORNOS NO SINDICATO.

O Chimpacornos leva 15 anos no sindicato de «Prohombre de la Hermandad» elexindose a si mesmo reiteradamente, sempre coa axuda de algúns componentes do cabildo; cabildo fantasma pois pras reelecións soio se avisaban a aqueles dous ou tres que lle eran «leales».

O «Chimpa» e mais o Ricardo Hermida, aseguran as familias na agraria e cobran longas baixas

Pasa a páxina 6

INFORMACION PARROQUIAL

Celeiros

Da páxina 2

de Manuel, o seu xefe Castro e algún cacique mais que traian con iles uns tipos pra delinear unha carreteira que dende a feira de Lira pasando pola Tol, Bouzas, Outeiral, Berdial e Outeiro fose a enlazar coa que ven de Guillade a Ponteares, e fixese o enlace no mesmo lugar do Outeiro, sin deixar de pasar por dediante da casa do sr. pedañeo, cousa que non fol do agrado do pobo, posto que tiña que facer unhas curvas que non eran lóxicas, pro paresce que así podelle chegar a sua casa o Cacique Castro sin manchar as botas pra comer unhas boas merendiñas, namentras que outros veciños enterranse astra as rodillas polos camiños.

Iles programaron por onde iba ir a carreteira (sin contar con naide) e de tal dito tal feito, aos poucos dias apareseeron polas portas dos veciños afeutados o tal caciquiño pequeno e dous concellales pedindolle os mesmos pra que donasen os terreos, cousa que ninguén lles negoú, xa que os veciños no fondo son todos beneficiados ainda que poderian selo moito mais se consultassen con iles o trazado da carreteira.

Aos poucos dias apareceu unha paleadora das meirandes botando abaixo todo canto se lle puña por dediante, pois non respeutaron nin cierres nin outra cousa que se lle pareza, incrusohoubo que facer algunhas reparacións nas vivendas pois moveronlles as paredes. Os veciños tiverón que manter o palista e moitas veces iste home non viña pra pista *a* trabalhar senon que o facia pra algún amigo do alcalde pro habia que darlle de comer igoal; o problema foi que dempois de facer o dasaterro botou catro anos sin que naide se preocupara de facer nada alí ou seña como se todo estivera feito.

Queremos denunciar eiquí os que chuparian os cartos da abertura de unha pista que nunca se rematou e pra que sempre teñen disculpas os manda mais decindonos que a ver si pro vran, i a ver que xa van catro!. Ademais caen os ollos de pena mirar que a ponte da Serra atopase a cair e naide pensa en botarlle unha man, moito mais pensando que entraba dentro do proieuto que fixo esta cacicaxe.

O Temporal de Carixa

●●●

A Fonte da volta foi roubada no mes de Abril do ano 75; ista fonta que fora donada pro pobo por Constante Fernandez Candeira no ano 36, todos os veciños o sabemos pois nela figuraba unha inscrición que o denunciaba, fol rubada polo larapio do Alcade de Ponteareas.

Este home que está tan acostumbrado a facer roubos, a certas horas da noite, presentouse ao pé da Ponte él e mais uns caciquiños que sempre ten a sua man, e nhun camión que xa denantes trouxeran andiberon todos lixeiriños pra que a xente do pobo non se dera conta; mais unha muller os mirou, pro como a ameazaron non dixo nada, posto que colleu medo.

Ao cabo dun mes un home chamado Segundo andibo a percura da Ponte, hastra que a topou na Picaraña. Xa estaba botando augua, e a pesares de que fixo todo o posible por denunciar o feito, non poido traguer a fonte prá parróquio xa que uns caciques dalí e outros de Santiago de Oliveira deronlle pra trasc ao asunto.

Agora xa solo nos queda beber augua fresca da nosa fonte o dia da festa da Santa Crus da Picaraña, ese dia é grátis, pro cando pasemos polo sitio en que estaba a fonte e teñamos sede acordaremonos do Sr. Alcalde de Ponteares Sr. Castro pra desearlle: Oxalá teñas tanta sede, que soio poidas beber da augua da nosa fonte e teñas que ir facelo a Picaraña de rodillas.

Veciños de Celeiros, xuntemonos todos pra traer pra parróquia ó que é noso.

San Lourenzo de Oliveira

Informan os veciños de que ocuparan o monte da Picaraña que é propriedade de toda a parroquia e impediram que lles levaran a madeira cortada, xa que o monte está pendente do fallo do Xurado de Calificaci'on de Montes, prasua recuperación, a ocupación levouse a cabo os dias 11 e 13 de Marzal. Os veciños poñen como condiciós pra deixar retirala madeira, que lles sea abonado o 70 por cento do seu valor e unha indemnización da madeira cortada nos derradeiros anos no monte Picaraña, por agora están pendentes dunha entrevista co Gobernador pra expoñerlle todo isto e mentras non deixaran que lles leven a madeira.

Adiante veciños na vosa loita anticaciquil e pola recuperación do monte.

Salceda de Caselas

Aviso ao Sr. Cura

Paresce ser que iste crego ainda non se enterou que nos atopamos no ano 1978 e non no 1939.

Faise esta acraración debido ao xugo caciquil que exercia o clero por aquelas datas sobor de todo o pobo.

Pois ben, este cura se non pasa lista na misa debe ser porque lle da vergoña, pro a verdade é que il mentalmente si a pasa; isto parescerianos astra certo punto lóxico se non tibera o vicio de dar os nomes das persoas que son asegún il REACIOS as aitividades eclesiasticas e que se aproveite do seu descurso do domingo pra acusar de «ateo» e mal cristián a algunhos dos veciños que como tales nos consideramos moi boas xentes.

Tamen temos que decirle que cada un é libre de pensar como queira, é postos a discutir te*riamos que botarlle na cara a* laboura de «mentalización» por medio do medo e do acojono na nova xuventude da parroquia.

Acaso pensa que co medo levanse almas ao Ceo?

Ou é que tomou a relixion coma un negocio e atopase facendo propaganda disto?

Arcos e Celeiros

Con motivo da construción de unha pequena presa pra regadio no monte Cotes da parroquia de Arcos os veciños enviannos a seguinte nota:

«Aproveitando a construción de unha presa pra regadio, os de unha pequena presa pra regadio, os veciños voltamos a ser engañados polos caciques de sempre: Un emisario do Alcalde e mais un delegado de TAFISA, levaron a cabo unha corto de Piñeiros no noso monte comunal, sin facer denantes ningún tipo de subasta; por si isto fora pouco enteremonos de que o Alcalde tiña pensado facer un vertedeiro de basuras pra toda a Bisbarra e pra elo xa escomenzara abrindo unhas pistas desmesuradas, unha das cales enlazaba a carreteira de Guillade co lugar da corta de piñeiros e outra iba dende Vilacoba ao mesmo sitio.

Enterados destes feitos presentamonos no monte perto de 100 veciños de Arcos e Celeiros pra immediatamente paralizar as obras e a partir de ahí escomenzar unhas guardias pra que non nos cambeen o monte por unha esterqueira.

Con motivo disso convocamos unha asembleia parroquial, a cal levouse a efeito o dia de Xoves Santo e tomaronse os seguintes acordos:

1.° — Seguir na vixiancia do monte pra que non continuen as obras.

2.° — Ao mesmo tempo non permitir que nos rouben nin un metro mais de madeira.

3.° — Recoller firmas pola parroquia pra enviar un escrito ao Sr. Castro esixindo a crarificación e responsabilidade destes feitos.

4.° — Escomenzar os tramites pra recuperación do noso monte.

Pola nosa banda apoiamos os veciños de Arcos e de Celeiros na sua loita anticaciquil xa que o vertediro quedarialle moi perto das suas casas.

Cumiar

Os veciños de Cumiar denunciamos o abuso cometido polo cacique Castro na nosa parroquia, pois iste elemento cedeulle a Granxa Escola de Ponteareas varias hectáreas do monte Laceiras que ocupa unha boa parte do comunal de Cumiar e unha pequena parte do de Guillade, a cambio disto, a Granxa deulle o terreo dónde fixo agora o Pabellón de Deportes, no cruce da carreteira de Mondariz, e por si fora pouco, ainda lle deu 100.000 ptas., poís o monte foi valorado en 2.500.000 e o solar en 2.600.000, dista maneira fixo o Pabellón. pero a conta nosa.

Agora que estamos tratando de recuperalo monte de mán común pra toda a parroquia, tropezamos con iste problema, pois os terrenos que ocupa a Granxa, están todos no monte dos veciños, pero estamos seguros que coa forza de todolos veciños xuntos vamolo a conquerir.

Cabreira

Da páxina 2

en resumen o contrato está FALSEADO.

Queda bastante craro que isto ademais de ser unha cacicada entre amigos, é un roubo descarado a comunidade e polo tanto esiximos da aitual Corporación un escrarecemento total sobor do tema, esixindo responsabilidades aos autores da estafa, eisí como a devolución integra do monte, xunto cos eucaliptos que cortou e demais daños e perxuicios.

Moreira

Os veciños de Moreira informannos de que o Sr. Cura D. Antonio, no seu derraldeiro mitin dado na Eirexa dixo:

«Cuidado coa Voz do Condado que o que di soio son mentiras, e que a naide se lle ocurra comprala porque isto pode traer consigo unha represalia de xente coma min qle non fixen mais que bens pola parroquia».

Temos que decirlle ao Sr. Cura de Moreira que il solo fixo males pola porróquia pois

Pasa a páxina 5

Oleiros

A CASA QUEIMADA

No lugar do Coto da parroquia de Oleiros, viviu en tempos o señor Xosé Dominguez, mais coñocido polo Broeiro; iste home e a sua dona formaban un fogar de ben, él era carpinteiro, facia traballos na casa de Teans, onde era moi apreciado polo seu dono Dn. Alejandro Mon y Landa.

Tamen se axeitaba de ferreiro, polo cal tiña montado un pequeno taller.

Cando os seus fillos foron mozos e tiñan adeprendido o oficio de fogueteiros, instalaronse no barrio de Puzo, parroquia de Lira. Aos poucos anos a firma de Xosé e Manoel Dominguez — Pirótecnicos, era moi coñocida, tiñan moita encarga de trabalho pra toda a bisbarra, pra Lavadores e tamén pra Vigo; ainda que seguian en moi boas relacións con seus pais, independizaranse totalmente. Cando estalou a guerra que chamaron de «liberación», foron persegu'dos a morte, salvandose por botar longo tempo escondidos en Portugal.

No seu taller tiñan obra feita por valor de 50.000 pts. pra cumplir encargos e ademais unhas 250.000 en materiaes, todo isto foi incautado e depositado na «casa sindical» (Casa do Pobo) de Salvaterra. Cando durante a vergoñenta guerra, os que se autotitulaban «nacionales» celebraban a toma de prazas e pobos, estourando os foguetes dos irmans Dominguez Baz; o material foi armado polo tamén fogueteiro de Baldráns ún pra facer pras tomas dos «nacionales» e o resto pra cobrarse do trabalho que facia.

Ista persecución dos fillos do broeiro, en quen mais repercutiu foi nos seus propios pais, pois a sua porta chegou o nefasto Victor Lis e mais a sua camarilla, composta por destacados elementos de Pontevedra, dos que algúns ainda hoxe campan en postos privilexiados, non faltaban tampouco caciquiños comarcales pra regocixarse nas barbaridades que viñan facendo aqueles asesiños de camisa azúl, correa cruzandolle o peito e pistolón depandurado. Primeiro levaronlle os bois, o viño, o aguardente e todo canto pillaron; outra ves a gasoliña e o mistro farian a ledicia daqueles inquisidores do pobo. A casa do Broeiro xuntamente cos seus talleres artesans de carpinteiro e ferreiro, os aperos de labranza e todo canto alí habia foi pasto do lume. Isto aconteceu no Outono do ano 1.936, os que opresenciaron quedarian mudos o longo de Corenta anos, os seus descendentes serian criados nun sistema de terror polas narracions escoitadas a pais e abós.

A casa queimada de Oleiros xuntamente coa de Leirado e Fornelos, siguen alcendidas coma fachos que alumean o camiño da libertá, pra un pobo oprimido, siguen quentando o corazón dos bós e xenerosos que tan soio sinten noxo pra aqueles que as queimaron e pra os seus simpatizantes e seguidores.

Xoán de Oliveira

Os nosos erros

No noso derradeiro numero, no artigo tiduado «AVISO AOS LABREGOS» falabamos da eisistençia de dous sindiçatos democráticos é esquenciamos decir que tamen o S.A.G.A. é un sindicato labrego democratico.

Queremos avisar a todos os labregos da bisbarra que teñan moito ollo çon esa cacicaxe que nos quere embarcar co rollo das camaras agrarias.

Que quede ben sabido soio coñocemos tres cindicatos democráticos e son:

— COMISIONS LABREGAS
— COMISIONS CAMPESIÑAS
— SINDICATO AGRARIO GALEGO.

INFORMACION PARROQUIAL

Moreira

Da páxina 4

ainda nos queda o mal sabor de boca do seu discurso no que dixo:

«Voy a salir con la Cruz como todos os años por estas fechas (referiase a saida de Pascua, tan popular nos nosos dias), pero espero que nadie pondrá menos de 100 ptas. pués en los tiempos que corren los gastos de salir con la cruz aumentaran muchisimo y ya no estamos hace unos años que todo se hacia por amor al arte».

O que lle quixeramos decir ao António é que verdadeiramente os tempos cambearon é que non se queixe pois pensamos que cando un ten unha ideoloxia a defende a ultranza e non fai demagoxia barata pra conquerir cartos a conta dos poucos que ainda «creen» nas suas enseñanzas. De todas mañeiras pensamos que este crego, o cal son saie das nosas lineas é un economista de cuidado posto que soio pensa en encher o bulso e a sua relixión que a parta un raio.

Ponteareas

A S.C.D. CONDADO tamén nos manda unha nota que dice o seguinte:

Vamos a escomenzar un campeonato de FUBITO, similar ao do ano pasado, pro paresce ser que a algún individuo non lle

Pasa a páxina 6

Salvaterra de Miño

Chegamos a nosa redaición a seguinte nota:

«A Sociedade Cultural e Desportiva CONDADO quere manifestar a sua disconformidade coa dimisión presentada polo aitual alcalde de Salvaterra D. Enrique Manuel Garcia Rodriguez, debido a sua disconformidade coa aitual situación de cara a sua incompatibilidade cos carregos de Alcalde e Mestre da Vila.

Queremos facer chegar a nosa mais enerxica repulsa a incompresión do Ministerio de Educación y Ciencia pro non por iso disculpamos o noso alcalde pois creemos que non é doado deixar iste carrego nas mans de calquer desaprensivo e que iste home conta hoxe, ainda que non fora elexido democráticamente, co beneplácito do pobo, por conseguinte pregamoslle que siga adiante coa sua laboura hastra as prouximas eleución municipales».

Pensamos que realmente é un movil de adesión que non se pode deixar de lado, e que a pesares do seu malestar debe continuar adiante.

Ao mesmo tempo queremos felicitar ao Enrique pola sua visión da Festa do Viño e é suliñar que iste home foi o primeiro que empezou por contar coa participación do pobo é pra isto xa convocou unha xuntanza con todas as Sociedades é Asociación que eisisten no Axuntamento; desexamoslle os mais felices eixitos.

A Xunta de Galicia

Da páxina 1

rolloó en forma tan brillante que no hubo necesidad de disparar un solo tiro, salvo las descargas al aire con las que los heroicos componentes de las columnas anunciaban su presencia». Escomenzaba con ista operación un dos períodos máis aitivos do primoxénito Rosón o «servicio» dos labregos galegos.

Como Comandante militar da zoa, orgaizou as forzes falangistas reclutando e distribuindo táiticamente as bandeiras de voluntarios que cada día adicabanse a depurar e sementar o terror entre todolos que habían cometido o delito democrático de votar polo Frnte Popular e polo Estatuto de Galicia, e, sobor de todo, que desariaron o poder feudal das grandes familias galegas, antre as que se atopaban as de Rosón Pérez e as de Pérez Rosón, que domiñaban e seguen a domiñar hoxendía, en Lugo, Becerreá, Os Nogales, Cervantes, etc. e hastra o mesmo centro de Madrí.

José Pcha, o corresponsal de «El Progresso» describía eisí, o 23 de Agosto, as aitividades distas familias: «... es de señar la labor altamente patriótico que están a desarrollar los señores Antonio Rosón, jefe militar de esta villa; don Fermín Pérez Monzón, médico de Nogales y Jefe de Falange; don Luís Rosón y don Manuel Pérez Rosón, — jefes locales de Becerreá y Cervantes, respectivamente, quienes con sus almas de gigantes, están haciendo una labor magnífica de defensa de la patria: no se puede pasar sin hacer mención también del valiente falangiata Manuel Vilela, que, con gran olfato policíaco, va directamente a las madrigueras en donde se esconden los huidos, causando verdadero terror entre éstos ...»

DA DEPURACION DAS CHECAS

Fruto dista «heróica» laboura de retaguardia foi a limpieza metódica, en moitos casos levada a cabo cunha crueldade sin precedentes, de todos aqueles «errados» que non habían comprendido ca defensa da patria pasaba en Lugo polo sometimento o poder caciquil das grandes familias.

«Eiquí fixeronse tantas tolerías y tantas animaladas que cando as lembramos poñemonos a tremer. Eu lémbrome de ver a sangue nos camiños, charcos de sangue nos camiños, charcos de sangue nas portas das casas, mortos nas cunetas. !Nun lugar como iste, no que non houbo frentes de guerra! O que viña o mando dos bárbaros aquiles era o dentista Fermín Pérez Rosón, e o mesmo Fermín foi quen nos disparou e me perseguiu — contanos Pedro López Valledor, os seus oitenta anos —, e do que escapei de miragre, porque tírabame a matar ...»

O 8 de Setembro do 1936 foron detidos na parroquia de Balcoba o Alcade de Becerreá e o seu cuñado, de 16 anos, Pitís de xastre. Tratábase de Rudecindo Fernández Vilor e Ovidio Vilor Fernández. Istes — dous «roxos» foron detidos por un fato de galangistas mandados por — Manuel Pérez Rosón, médico de Becerreá, quen con pistola e vergaxo e o mando de unha bandeira de «adheridos» à causa franquista, percorría a bisbarra en operaciós de limpieza, detendo ós republicáns e dándo — lle vergallazos as súas mulleres, pra «convencelas» de que indicaran as «madrigueiras» onde se atopaban seus homes e familiares.

«O Rudecindo e ó seu cuñado fixeronlles verdadeiras animaladas todos eses canallas, meteronlles paus pola boca, paus asi de afiados en punta, coma as lanzas dos indios. E desollaronnos, quén sabe qué máis lle fixeron denantes de matalos. O cuñado do Rudecindo que era un neniño de 16 anos, !fíxese!, !fíxese Vde.! cortaronlle a cabeza e puxeronse a xogar con ela. !E que ísto non ten nome!».

Baixo a dirección do Rosón lévase a cabo a búsqueda da campán de Santa Mariña, que aparecería, según a crónica, «nunha casa da parroquia de Vilachá, onde tamén se atoparon libros de autores comunistas rusos, de Azaña, Marcell ou Domingo, eisí como un bó número de folletos de propaganda pro estatuto». Insistimos en que esta operación era levada a cabo polo que resultou ser primeiro aspirante a Presidencia do Goberno Autónomo Galego, a quen a Academia Galega de Xurisprudencia recien o nomeu pra presidir a comisión da Facenda do Estatuto, e a Asamblea de Parlamentarios, presidente da Comisión negociadora do mesmo.

O roubo da campán foi solo o pretexto, si é que tiña que eisitir pretexto, pra xustificar a

Pasa a páxina 6

A Xunta de Galicia

Da páxina 5

sanguiñenta represión que se cebou sobor da zoa. O Alcade de Navia de Suarna perante a República, Julio González Fernández, treme cando nos dí que «nos perseguían porque éramos — republicáns. Ningún de nós imaxinou as animaladas que se cometeron—despois. Eiquí abundaron as checas e os paseos, Iterribles paseos!.

AS DECLACIOS DO MEDO

A longa lista de depurados é necesariamente incompreta, dados os atrancos con que nos topamos en todo o traballo de reconstrucción hestórica relativa as negras etapas do franquismo. Pro iste reportaxe poderíamolo calificar, especialmente, como o reportaxe do medo. Terror, dempois de 41 anos, que evidenciase na melrande parte dos represaliados. «Non dé meu nome, por favor. Non me faga fotografías. Os Pérez e mailos Rosón mandan agora máis que antes, e si eles queren, destruénnos. Eles mandan nos Axuntamentos, mandan en Lugo e teñen moita forza na capital do Estado». Iste é o sentimento máis xeralizado en toda a bisbarra.

Baixo as ordenes dos Rosón había unha temible cuadrilla adicada a pacificar e depurar, Gerónimo Lope «el portugués», José Montaña Becerra, Jesús López «suso el de Donato», José Tabeirón y Santiago Fernández, erán algúns dos compoñentes da odiada brigada de depuradores.

«Eu controlle ísto, pro fíxese Vde. que se me pón a carne de galiña». Antre o portugués e Montaña había un pique pra ver quen mataba a máis xente. Un gardaba os ollos nun gran frasco de augardente e o outro guardaba a orella dereita do que asesiñaba. Todolos días estabanxos Rosón como si nada, e si un tiña máis co outro, alá saia ou iba a checa a matar os que fose pra emparellarse».

Antre os depurados de Becerreá perante o mandato de Antonio Rosón están os compoñentes do Frente Popular que habían sido detidos: Pelegrín García Espinosa, Manuel Veiga «el pito» da Venta de Cruzal; José Campa, de Villar de Ousón, Manuel Fernández «Sepantonio», de Horta; José Fernandez, fillo do denanterior; Claudio Arrojo, de Vigueliña de Torres; José Costa, labrador de Villalol, que foi apaleado hastra matalo polos depuradores antre os que se atopaba o médico de Nogales Fermín Pérez Rosón. Pra Xavier Costa Clavel «o número de asesiñados e as barbaridades variaban dunhas bisbarras as outras, sempre dependendo do capricho dos caciques e das autoridades locales».

A represión no municipio de Cervantes foi especialmente exemplar.—Habíanse convertido en cadeas e cuarteles provisionales — dado o número — de detidos — as vivendas de José Pérez en Lamas do Rei; a de Antón Pérez en Vilarallo, e o Axuntamento de San Román, no que actuaba como segredario Pascual Pérez Rosón. Istas checas falangistas convertironse en — auténticos centros de tortura, e nalgúns casos, de morte. Ademáis dos compoñentes da Brigada del Amanecer, tamén se distinguiron nesta operación os fillos de Rosón Pérez, Antonio, Manuel, José e Ricardo, estos derradeiros moi xóvenes pro xa altivos depuradores.

A CAZA DO ROXO

Germán Rodriguez Bousoño, veciño de Cancillos, foi literalmente cazado. A patrulla que mandaba Fermín Pérez Rosón, e cuio xefe era Santiago Fernandez y Fernández, deixouno correr pola carreteira que vai de Doiras a Degrado pra ver quen era o que lle daba, como ós coellos, disparando un a un. Cando o tumbaron, o proprio Santiago Fernández machicoulle a cabeza coa culata dun mosquetón.

Sinalaba o corresponsal de guerra, referíndose a Santiago Fernández o 28 de Agosto de 1936: «Merece plácemes la valiente conducta del jefe de las milicias fascistas don Santiago Fernández, queno descansó hasta limpiar nuestra zona de los que, huidos de otros puntos, tratan de refugiarse en los montes que rodean la villa».

En Outonos do mesmo ano, un destacamento o mando do «portugués» eliminaba, no monte Davara, a Eduardo Amigo e Manoel Vega Cousiño; a Teolindo Digón Amigo, de Santa Marta; a Xesus Doval, de São Martín de Ceroixido; Dositeo Fernández de Vilanova; Xoan Gutierrez, de S. Miguel; e seis máis «ós que era millor deixalos mortos», según o — «portugués».

Na checa da casa de José Pérez fixeronse toda cras de torturas. Era aquela a gran diversión. A ún de Pontexuana ensartaronlle un — tridente de aventar o centeo, hastra que se desangrou. Istas orxías de sangue remataban con borracheiras permanentes, hastra o punto de co portugués e «Suso o de Donato» chegaron a dormir sobor de algúns torturados èue o día seguinte apareceron mortos.

Enrique Rodriguez Gutierrez, praticante de Becerreá; Nicasio — González Fernández, Antonio Bao Arias, veterianrio; Faustino Cela; Oactavio García; Xosé Arrojo Otero; o zapateiro Valdavara de Crucel, son algúns dos que cumpriron longas condenas que que foron salvaxemente castigados por «Suso el de Donato», «el portugués», «el montaña», e todolos montóns que se ampararon nas camisas azules baixo a dirección caciquil dos Rosón Pérez. Nicaso Gonzlez e Enrique Rodriguez contannos moitos dos pormenores daqueles intres: «A mín detuveronme no 39, no 41 e no 46, que foi cando pasei todolos anos de cadea. Os Rosóns eran os que mandaban en todo». O praticante Enrique Rodriguez, queríanno fusilar no 46: «Av verdade é que eu coñezo todo ísto palmo a palmo, serras montes e atalos. I eu era o — que enlazaba insta zoa cos resistentes maquis que había na montaña».

Rematando o 36, Antonio Rosón foi destiñado o Xuzgado Militar de Lugo. Finada a guerra civil instalase como Abogado. A súa especial vocación polos frutos e a gandelría levanno a introducirse nos sindicatos verticales, que moi pronto dominaría, e sobor de todo na Cámara Sindical Agraria, dende onde escomenza unha laboura de reestructuración caciquil, a partires das Hermandades de labradores y Ganaderos, nomeando Segredario das mesmas os seus antiguos colaboradores na gloriosa cruzada.

Ocupa a Presidencia da Caja Rural Provincial, eisí coma a Presidencia da Unión Territorial de Cooperativas del Campo — UTECO — e dende alí controla gandeiros e labregos, eisí coma os créditos do aforro e o pode de toda a provincia. Coma Presidente da COSA foi perante moitos anos conselleiro dos Frigorificos Industriales de de Galicia — FRIGSA — adicados a conservación e comercialización da carne. Niste cargo, súa laboura de defensa da gandeiria era tan eficaz, ca mel rande parte dos gandeiros non lle mandaban as súas reses o

Pasa a páxina 7

INFORMACION PARROQUIAL

Ponteareas

Da páxina 5

senta moi ben que iste se leve a cabo posto que prohibiu termiñantemente a colocación de programas nos locais do pabellón desportivo de Ponteares; referimonos como non ao Sr. Castro.

Queremos suliñar que o noso campeonato escomenzará no més de Xulio é que todo equipo que queira xunguirse ao mesmo terá de prazo hastra o dia 25 de Xunio.

De todas mañeiras, temos a decir que as cacicadas do Sr. Castro non nos fan absolutamente daño ninghun, pro ao mesmo tempo sentamos como unha patada nos mesmisimos... que isto home teña acolloada a zoa donde il conta cos seus secuaces».

Dende a nosa redaición, queremos decir que non nos estraña nada que iste elemento queira desfacer todo aquilo no que él non participa, e a verdade é que xa nos estamos enchendo. Quen sabe si ao pior non nos da por empezar a aituar.

Barcela

Os veciños, atraves da nosa Asociación, empezamos a recuperación do monte de man común. Ao mesmo tempo que acontecía esto, o axuntamento poñía a subasta unha boa parte dos piñeiros que ten o noso monte, cando nós sabemos moi ben que cando un monte está pendente de Calificación polo Xurado de Montes, non se poden facer ningun tipo de subastas no monte, diante disto os veciños estamos dispostos a ir o monte e non deixar que nos corten a nosa madeira.

Arbo

O doutor Cardelle, medico deste Axuntamento é un mal profesinal, facemos ista afirmación, porque iste home, que de humano non ten nada, non atende aos doentes como é debido, Incruso se ten dado o caso de negarlle a asistencia; vamos a contar duas anedotas diste elemento:

Negouse a atender unha nena de seis anos, e mais tarde negouse a ir a sua casa a pesares de decirlle que a rapariga atopabase moi mal, os pais levaron a nena a Vigo (a residencia) e botou 16 dias internada.

Ó Pepe «O Rola», negouse'le a firmar un certificado, que lle facia falta pra un documento, entón ó home sacou un mecheiro en forma de pistola e o Cardelle botou'a fuxir astra o cuartel da Guardia Civil e o Rola foi levado o cuartel onde astra os mesmos Guardias do medo que pasou o médico.

Queremoslle recordar Sr. Cardelle que o seu traballo é atender os pacentes e poñerse o srvicio do pobo e non o pobo ao seu servicio.

Vide

Informamos veciños desta parroquia, que acaban de crear unha Asociación de Veciños co fin de tratar de solucionar todos xuntos os moitos problemas que lles atañen a toda a parroquia. Por iste camiño xa escomenzaron a recuperación do monte de mán común que é de toda a parroquia.

Alfonso Fernandez, o chimpacornos

Da páxina 3

das que hai que repartir con iles. Dos cartos do sindicato xa vostedes se poden imaxinar que é o que pasa con iles, pois o «Negro» xa foi expulsado do exercito por malversación de fondos. Disto tamen sabe moito o Xosé Garcia, segredario, o cal negocia clandestinamente cos produtos do sindicato. O «Chimpa» persumia que podia estrenar un traxe principe de gales, todos os meses. Queda craro que o «Chimpa» foi dono do sindicato, agora acabouselle o negocio a íl e mais aos seus compinches da Camara Agraria de Pontevedra e o Segredario das mutualidades agrarias un tal Valcarcel de Vigo, os cales quixeron renovar o sindicato e fracassaron, gracias a unha serie de labregos do Municipio que co seu tesón botaronlo abaixo.

Agora orgaizase o sindicato S.A.G.A. en Arbo o cal está formado por homens honrados e responsables.

UXIO

Os Cregos venden os Santos

Dende fai uns anos veñen desaparecendo da igrexas tallas e amaxeens de moito valor artistico, o valor espritual pra un pobo «creiente» coma o noso é incalculabel. Sabemos que por todo o Estado Español aconteceron casos de éste tipo, na nosa bisbarra do Condado con moitisima reiteración.

E de rumor púbrico que o crego da nosa Capitalidade D. José e outro ue sempre anda atrancado no noso voceiro (Cura de Moreira) polas suas feitorias, foron os tratantes mai saitivos según un vello madrugador sacristán que viu movimentos raros nas mañans cedo levando tallas de altares e imaxenes de santos.

Sabemos por anticipado que as nosas acusacións van a traer pernexos dos acusados, cousa que non nos preocupa, dispomos de bos testemuños e somos moi cauaces de s'nalar cousas concretas e algunha ir a buscala donde se atopa adornando. A maioria paxou por mans dos negociantes chamados anticuarios e foron transportadas en camións a paises estraixeiros, dado o seu valor artistico están adornando luxosas residencias de «magnates» norteamericans e de outras nacions Europeas.

As desaparic'óns aconteceron de un xeito parescido, nada de violentar as sagradas portas das igrexas, nada de de custodialas. En Celeiros, en Arcos e na maioria das Parroquias a crego esqueceuse de pechar a porta e mentras tanto desaparascian as imaxenes de valor. Caso curioso aconteceu en Corzans onde o crego «Manoliño cura de Pesqueiras» foi pillado coas mans nos santos. Unha noite de inverno, o sacristán Adolfo ó «Rabicho», oiu un bruido na igrexa e achegouse a ver o que pasaba, solprendendo ao crego que levaba o S. Amaro metido nun saco. O sacristan polos direitos de prop'edade como parroquian e de esponsabilidade como sacristán, fixolle poñer a Santo no seu sitio. O crego decialle que o levaba pra pintar, o de pintar non está mal, todo é no senso que se tome, pois un pouco denantes xa «pintura» a imaxen da N.ª S.ª do Pilar e unhas reliquias moi antigas con valor de un millón de pesetas según algúns. Según os veciños xa a Pilarica de Corzans viaxou rumbo a Arxentina en compaña do Marcón, coñocindo polo catro ollos, e que o negocio foi a sociedade co Crego que tamén viaxou aló.

E dooroso ver como istes «ministros de Deus», venden o patrimonio espiritual dun pobo, menosprecian o arte dos nosos devanceiros, ferindo a febra sensible dos afervoados catolicos que veneran os santos nas respeutivas parroquias. Que se seja ningún foi detido nin interrogado sabendose como se sabe que do Estado Español sairon «Trailers» cargados co patrimonio artistico. Xuntamente co diñeiro levado a Suiza, estannos deixando en porranchos.

A eses cregos negociantes, ladróns do pobo, pomoslle de pen'tencia que restitullan o roubado e que acaben os dias das vidas, despreciando capitales e regalias, facendo unha vida sóbria sin praceres e recoñocendo que o home é irman do home.

Esa será a uneca mañeira de recuperar a sua ialma que lle venderon o DEMO.

Frai Luis do Condado

A Xunta de Galicia

Da páxina 6

matadeiro pola forma de crasificación: «Pèrez Rosón presionaba coas axudas e as Hermandades, e o remate tíñamos que entrar polo aro si queríamos vivir».

Antonio Rosón será procurador en Cortes na meirande parte das lexislaturas franquistas. Foi Presidente da Diputación de Lugo, ainda — que tivo un cese fulminante decretado pelo Ministro da Gobernación, Blas Pérez González, debido os enfrentamentos que habían sostido antre íl e o Gobernador Civil de Lugo, José del Valle Blázquez. A isto xunquirianse as discrepancias que seu hirmán Luis, Gobernador Civil de Tenerife, tería co hirmán do Ministro da Gobernación, o querer participar no reparto de beneficios dos negocios nada limpos que tiña aquél nas — provincias Canarias.

A DEMOCRACIA VIU

A longa aventura de Antonio Rosón, patriarca do clan, contida reforma política. Home de Fraga, do que fará grandes panexíricos na prensa local, abandonarao no periodo preelectoral das lexislativas do 15 de Xuño, decindo que pretendía presentarse como independiente, pra o remate incorporarse o equipo Suárez, coa UCD galega, do que sairá elexido, movendo todolos resortes políticos e caciquiles, que moi ben coñece dende sempre. Non soio abandona a Fraga, senon que incruso, por suposto, ó seu amigo de toda a vida, o falanxista nostálxico Pedrosa Latas.

Antonio Rosón, cabeza de familia, vive en Lugo, a provincia máis — probe do Estado Hespañol, provincia que ten o máis outo índice de suicidios, de emigración e de aforro. Lugo é a provincia na que se enriquecen en cinco anos empresas coma a de Jesús Varela Villamor — da que é accionista doña Carmen Polo — debido a reconstrucción — sin subasta — de monumentos, seminarios, etc., Ista empresa construiu ilegalmente, pasando por riba de ordenanzas municipales, informes urbanísticos e Colexio de Arquitectos, e nela ten gran influencia a familia Rosón.

Os Rosón tentaron manipular a emisora Radio Popular perante as elecciós lexislativas, pro que nomearon Xefe de Propaganda da UCD o Presidente de Cáritas Diocesana, José Novo Freire. Pro atoparonse coa 9 forte oposición de segredacio da Acción Social de Cáritas en Galicia, Antonio Gandoy, coñecido polo «cura da bicicleta». José Novo é tamén funcionario do Sindicato Vertical dende fai máis de vinte anos. Hoxe, Antonio Rosón, controla dende a COSA as sesenta e seis Hermandades de Labradores y Ganaderos, aitualmente chamadas «Cámaras Agrarias», coas mesmas persoas e os mesmos cometidos. Seu primo Ricardo, Presidente do Colexio Oficial de Veterinarios, será o que controle as sesenta e seis titulares e por añadidura os precios das carnes e do gando. Ricardo Pérez Rosón é tamén hoxe, presidente do Sindicato Vertical de Ganadería — con todalas incompatibilidades — veterinario do servicio de investigación sanitaria de FRIGSA, e no seu dia autodenominouse — endexamais se soupo co elexira naide — presidente da Promotora de Ganaderos del Reino e presidente da Asociación Nacional de Raza Rubia Gallega. Participa no grupo de empresas de maquinaria industrial e agrícola Díaz y Prieto; como presidente do Grupo figura Manuel Díaz ex-concelleiro do Axuntamento de Lugo, e o ex-Alcalde Victor Manuel Basanta Varela, vice-presidente da COSA con Antonio Rosón.

Antonio Rosón participará igualmente en empresas, como Abogado, tales como SECAFESA — sociedade de conservas vexetales — e ABELLA — embutidos — e controlará o crédito, evidentemente, dende a Caja Rural de Ahorros, na que sigue a ser presidente. Antonio Rosón non soio controla o Colegio de Abogados de Lugo como vice-presidente, senón que seguirá os sucessivos pasos dos seus hirmáns.

A SAGA DA FAMILIA

Javier Rosón, un deles, suponse o gran cerebro, a oscuras, da familia. Luís Rosón será máis empresario que Abogado e máis abogado que xeneral. Participar aiticamente en empresas madrileñas como TRASFESA — Transportes de Alvaro Gil — e CONSENSA, adicándose a defensas xudiciales tan escandalosas e raras coma a do neno secuestrado hispano-noruego. Luís Rosón tivo seu flirteo antifranquista e foi un dos fundadores con Tierno Galván e Raul Morodo, do PSP.

Juan José Rosón, hoxe Gobernador Civil de Madrí é o decir da familia, o hirmán menos brilante, pro inda eisí é fiel seguidos das suas enseñanzas. A súa derradeira hazaña — moitas se contan do seu paso por RTVE — é a creación paralela en combinación co delegado de Relaciones Sociales do Axuntamento de Madrí, dun grupo de animadores — de barrios. Os nomes distes delegados son os seguintes: Fernando de la Sota, Victoriano Fernández Casasana, Francisco Aguilera, Martín, Borreguero, Sierra, uno que apodan «el Barato» e unha asistenta social. Istes delegados cobran unhas 75 000. — pesetas o mes, e cada un deles ten as súas órdenes non menos de seis informadores — confidentes — que son gratificados cunhas 10 000. — pesetas mensuales. A misión díster é infiltarse nas asociacións de vecños e organizacións políticas que traballan nos barrios, tratando de influir nas decisións que se tomen nas xuntas xestoras e nas asambleas e, por suposto, fichar os elementos máis aitivos dentro delas. E doado comprobar que nunha das asociacións de veciños de Barajas, o tal Victoriano Fernández estivo ameazando a algúns compoñentes da xestora con denuncialos o Goberno Civil, e que iste elemento ten grandes vinculacións coa extrema dereita, co coñecido policía Juan Antonio Pacheco — Billy el Niño — e coa orgaización Fuerza Nueva. Igoal acontece con Fernando de la Sota e Francisco Aguilera, en canto as suas — vinculacións evidentes con grupos de extrema dereita. O cuartel xeneral distes animadores de barrios está en Narváez 32, onde crearon unha empresa fantasma — non eisiste no Rexistro Mercantil — pra tratar de desorientar.

Coma se ve, a hestoria do clan Rosón Pérez é máis cunha saga a hestoria mesma dos derradeiros 40 anos. Os Rosón, «democratas de toda a vida», terán moitas cousas que decir».

Hastra eiquí o artigo do «Interviu». A nós pouco nos queda por decir, tal vez aquilo de que «todo estaba atado e ben atado» e sígueo a estar.

Versos pra despertar

LABREGOS DESTE CONDADO
EU PRA PENSAR NON VALGO
DESPERTAI DO SONO PASADO
DESE PERIODO TAN MALO

ANOS DE LOITA E CADEAS
DÁAQUELES QUE NON DORMIAN
COS SEUS TRUNFOS E SUAS PENAS
PENSANDO EN NOS REVIVIAN

LOITAR POLA LIBERTADE
E ALGO QUE XA SABEMOS
A FORZA DA UNIDADE
¡QUE ESPERAMOS! ¡DESPERTEMOS!

A HORA E HOXE DE TODOS
E NON TEMAMOS AOS LOBOS
UNIDOS N'ESTA BASE
A VOZ DO CONDADO E DE CRASE

Entrevista cun Labrego do Condado

Hoxe temos con nos unha persoa inqueda polos problemas que nas vilas e nas aldeas nos afectan a todos. Con él tivemos a seguinte conversa, que coidamos ten moito interés polas opinións vertidas nela. Por razóns que todos vostedes comprenderán e por deseos do nome do interesado.

Pregunta. — *¿Qué problemas ve vostede mais urxentes no medio rural?*

Resposta. — Si teño que decilos todos no me chegan as follas enteiras da «Voz do Condado», porque son un fiexe deles, pero ben, vou sinalar os que me parecen mais importantes. Em primeiro lugar o abandono en qjue está o campo e o labrego. Do campo sae todo canto se come si esceptuamos o peixe, e o campo non recibe o apoio que lle corresponde en xusta correspondencia ao que dá. Polo contrario, botanselle enriba cargas e mais cargas que o labrego non pode resisitir. O labrego non ten dereito a nada, pois está deixado da man de Deus, mire vostede, a atención sanitaria é un desastre; o ens'no pros nenos outro desastre, sobre todo no preescolar; do aproveitamento dos montes comunales non recibimos nada, e xa non falemos dos montes que eran nosos e que nos forn roubados. A cuata empresarial, é un problema que hai que botarlle de comer aparte, por intolerable.

Pregunta. — *Falo vostede da concentración escolar, ¿está vostede dacordo en cómo se fixo e cómo funciona?*

Rsposta. — Con ningunha das duas cousas, porque os veciños das parroquias non fumos consultados sobre este problema tan importante, e porque os nenos son transportados como ouvellas, sin ningunha seguridade, teñen que agardar polo transporte demasiado tempo o cal é un perigro, porque están ao lado de carreteiras con moito tráfico. Aos nenos que viven lonxe non os van buscar, e teñen que andar algùns mais de unha hora a pé. Despois, as concentracións no están situadas dun xeito ben pensado, senón que as fixeron sin ter en conta as características culturais do medio donde proceden os nenos, e as poboacionais.

Pregunta. — *Enton vostede pensa que a concentración e negativa?*

Resposta. — Por suposto que non, eu penso que concentrar é uositivo, pero tamén penso, que non hai porque concentralo todo na vila; eu penso que se podían facer nun municipio varias concentracións, estratexicamente situadas pensando no maximo rendimento pra os nenos e na menor molestia pra éles e pra os pais. Incruso si hai núcleos de poboación moi distantes podíase facer concentracións pequenas pra primeira etapa (hasta os 11 anos); deste xeito o neno non sufriría os traumas da masificación que lle anula a sua personalidade.

Pregunta. — Vostele antes falou da sanidade, ¿Cómo cree que debería resolverse este problema?

Resposta. — Home eu non son un tecnico, pero penso, — porque é de sentido común — que en cada parroquia ten que habe unha especie de *Casa da Saude,* donde ademais de ser atendidos os veciños en primeira instancia, e pra algunhas cura de pouca gravedade, debería levar un control sanitario de todolos veciños. Nesta casa da saude, debería haber algunhas camas, pra que en caso de gravedade, os enfermos poideran quedar ali hasta que foran recollidos pra ingresalos num *hospital comarcal,* donde serían internados e curados. Pero como vostede sabe, agora non temos nin Casa da Saude nin Hospital Comarcal. Algún enfermos son ingressados a destempo no Pirulí ou morren no camiño, porque repito a atención que prestan os médicos do Seguro e moi deficiente, e as veces atenden a ún con malos modos. Isto ten que ter un arranxo pronto, e eu penso que nas prousimas elecións municipais non deberíamos darlle o voto a aqueles que non se comprometan a solucionarnos este e outros importantes problemas, ou cando menos a loitar por estas reinvidicaciónes hasta o fin. E que non nos veñan conque non hai cartos, porque ese conto xa está moi gastado.

Pregunta. — *Vostede pagan impostos ao Axuntamento, ¿qué lles da o Axuntamento a vostedes?*

Resposta. — Disgustos, !que outra cousa nos vai dar!. Ponos multas si facemos un palleiro sin pedir permiso, ou néganos o permiso pra facer a nosa vivenda alegando que o prohibe a Lei ¿e quen fixo esa Lei?; ¿acoso nos?, xa se sabe que con nos non se conta.

Pregunta. — *¿Pero nas parroquias arranxáronse algúns camiños*

Resposta. — Si oh, non faltaba mais, pero ¿a conta de quén? a conta nosa, a conta dos nosos terrenos, a conta dos nosos cartos e do noso traballo, a conta dos millóns que o Axuntamento saca dos nosos montes, é pra isso danos unha porquería que non chega nin pra escomenzar. Si o Axuntamento nos devolvera unha mínima parte do que leva en impostos e piñeiros da maioría das parroquias do condado, podíamos ter algo mais que bós camiños sin ter que aportar nos nin un duro. ¿Pero netón a conta de quen se fixeron ricos mais da catro alcaldes e concellales? Vosteles mesmos teñeno dito no periódico.

Pregunta. — *Agora voulle facer unha pregunta un pouco comprometida, que si quere contesta, e senón non. ¿A que ten pensado votar nas municipais?*

Resposta. — E porque non vou contestar. Iso pra min é unha cousa clara, eu penso votar fixándome en varias cousas, primeiro que sean persoas honradas e que se compromentan a defender os intereses dos veciños; segundo que teñan unha imaxen clara de defender os interesses de Galicia; terceiro que non sean caciques; carto, que non sean aspirantes a caciques, e quinto que non sean de partidos manexados desde Madrid. Pra iso fago dende aquí unha chamada pra que se unan en cada parroquia os veciños arredor das persoas mais honradas e sanas, pra entre todos desbancar aos cac'ques e ser nos, os que levamos a Galicia no corazón os que mandemos no Axuntamento.

Muitas gracias pola súa colaboración e hasta outra.

Gracias a Vos, que o estades facendo moi bem

(XAN DE CURRAS)

Recuncando nas Neves

Sabemos que algun que outro non lle caiu ben a «Hestoria dunha Alcaldia».

O Chavós rompeu un exemplar da oz do Condado, outros dixeron que xa tiñan unha lista en Madrí pra axustarlle as contas. Pra uns temos a dicirlle que dita lista esté ben feita é que figuren nela os ladrons do pobo con todo seu aparello caciquil a un lado, e os que io defenden o outro, por nada queremos vernos revoltos con esa imundicia. Pra outros hoxe damoslle a segunda cunca moi chea do que aconteceu en todo o municipio co subsidio dos combatentes da guerra civil.

As mulleres é as na's viudas, tiñan dereito a un subsidio polos homes ou os fillos que tiñan na guerra. De todo o estado Español, o axuntamento das Neves era o que pagaba menos, sendo pra todos igual. Habendo sido denunciados, caiulle unha espeución é descubriuse que estaban roubando as probras xentes. A camarill estaba composta pola fror é nata da Vila. O Soto da casa de Campos que era o pagador, o médico Gabino que era xefe local da falange é especialista en mortes fulminantes dos paseados. O Fandiño, crego de Tortoreos que tamen era sabedor, poida quenon se lucrara e foxe tan soio pola confesión dos outros, que todos eran e ainda son xente moi beata. Ainda que todos sacaban tallada no roubo miserento, cando chegou a hora das acraracións todos coincidiron que se trataba de unha colecta que facian pra Daniel o Bolas, de famil'a vergonzante, casado con Dña. Alicia Golmar, de ilustre apellido. Sabemos que a filla de ambos, Cita, moi conocida pola Perona, sigue sendo acerrima franquista e arremete contra os que no no són, ben xustificada vemola causa, son moitos os favores que recibiu: d'ñeiro de unha estafa sin que os estafadores foran castigados nin obrigados a restitución, despacho dun monopolio. ¿Que mais queres Cita? Sabemos que deseas ser alcalde de As Neves, correnche malos ventos amiga Perona.

Temos a decir que pra As Neves a'nda nos quedan cinco cuncas mais pra completar as sete do refrán. O mesmo lle decimos os demais, que aguanten o chaparrón, malo será que lle recunquemos, aqueles que pernexen cua primeira cunca daremoslle as sete. Entendido.

Noticia chocante de Pontareas

O cacique Antonio Castro irmán do alcalde gran cacique, por mediación do Fang'o de Pias, intentou meterse no sindicato de Comisions Labregas, prometendo duas centas mil pesetas pra que io ademetiran, como se ve cando lle estan sacando a teta por un lado está vendo de agarrala outra vez. Este sindicato non é amarelo e non podrias manexalo como teis costume. Pero Castro, home, ¿Tan mal ves a cousa?

— Eu son Xan, o que votóu por vostede.
— ¡Ah!... ¡Si!... ¡Caramba!... Si desea algo vuelva mañana.